

Prezados pais/nais e alumnos/as da Escola Municipal de Música de Ames:

As clases do curso 2018/2019 rematan o **venres 21 de xuño, co concerto de fin de curso que será ese mesmo día ás 19:30 na Casa da Cultura de Bertamiráns..**

O prazo para **reservar a matrícula do próximo curso 2019/2020 será do 2 ao 10 de maio**. As solicitudes que se envían, xunto coa copia da autoliquidación do ingreso da matrícula deberán entregarse; de luns a venres, de 9:00 a 14:00 horas no rexistro da Oficina Municipal do Milladoiro, no rexistro do Pazo da Peregrina, no rexistro do Concello en Bertamiráns ou a través do rexistro electrónico.

Queremos recordaros que, para poder matricularse na escola de música, é preciso estar empadroadado no Concello de Ames, isto comprobarase desde a escola, unha vez remate o período de reserva de praza. Tamén é indispensable estar ao día no pagamento das cotas da Escola de Música, de todos os servizos ofertados polo Concello de Ames e en xeral, non ter débedas co Concello. Só se poderá reservar praza na especialidade/s nas que se esté matriculado/a este curso (agás os alumnos/as que por idade rematen música e movemento), e no horario establecido ou previamente cambiado polo profesor.

Aproveitamos para detallaros varios cambios que, debido a aprobación do Regulamento de Réxime Interno da Escola publicado no BOP do 8 de marzo de 2019, debemos integrar no noso proxecto de escola nesta nova etapa:

- Como especifican as directivas vixentes sobre creación e funcionamento das Escolas de Música e Danza, a práctica instrumental supón o eixo central da formación musical, que deberá estar acompañada dunha formación musical complementaria (relativa á área de linguaxe musical) e a práctica da música de conxunto, para conseguir alcanzar os obxectivos dunha formación musical global. Por este motivo, **o alumnado matriculado en calquera especialidade instrumental/vocal deberá complementar a súa formación con Linguaxe musical**, a excepción de aqueles alumnos que demostren ter adquiridos os coñecementos nesta área.
- A **oferta de especialidades instrumentais ou vocais** da escola na actualidade son: piano, guitarra, violín, frauta, saxofón, percusión e canto moderno. A nivel de “práctica instrumental” entenderase tamén “canto”, por ser unha disciplina de igual dedicación que os restantes instrumentos.

- O alumnado **só poderá estar matriculado nunha especialidade instrumental ou vocal principal**, segundo o regulamento interno aprobado este ano. Debido ao interese de moitos/as alumnos/as en cursar mais de unha especialidade, estase a estudar a posibilidade de crear unha oferta de materias optativas que permitan ao alumnado interesado a practica dunha segunda especialidade ou de novas disciplinas.
- O alumnado da escola poderá solicitar se así o desexa un cambio de especialidade instrumental ou vocal. Este cambio poderase solicitar xa para o próximo curso, e adxudicarse por sorteo público ao que é preciso asistir o mércores 22 de maio ás 20:30 na Aula 7 de Aldenova.

O prazo de entrega de solicitudes para **novos alumnos/as será do 29 de maio ao 10 de xuño**, as prazas adxudicaranse por sorteo que se realizará o 12 de xuño ás 20:30 na Casa da cultura do Milladoiro. Despois do sorteo desde a escola poñerémonos en contacto coas persoas que obtiveron de praza, para que por orde, elixan o horario da especialidade instrumental/vocal, dentro dos que haxa dispoñibles. Os horarios de Linguaxe musical ou Música para adultos, serán os establecidos pola profesora.

A principios de setembro, colocaremos un aviso na web do Concello ([www.concellodeames.gal](http://www.concellodeames.gal)) coa data da reunión informativa de inicio de curso e xornada de portas abertas e do comezo das clases. Enviaremos tamén un correo electrónico a todos os pais/nais ou alumnos/as con esta información.

Calquera dúbida que teñades con respecto aos horarios que os alumnos/as van ter o próximo curso, ou co procedemento para a entrega da matrícula, podedes resolvela poñéndovos en contacto con Almudena no teléfono 981 535940, en horario de luns a venres de 9:30 a 13:30 horas, ou no correo electrónico [escolademusica@concellodeames.gal](mailto:escolademusica@concellodeames.gal).

Sen máis, recibide un saúdo,

Ames 10 de abril de 2019



Asdo. :David Santomil Mosquera  
Concelleiro de Educación e Cultura

Asdo.: Patricia Mª Cadaveira Martínez  
Directora da EMMA